



66

puntos de 66 posibles

O Deportivo presentouse  
na Cheda con pleno de vitorias  
nas 22 xornadas anteriores



1 1



# FREO AO SUPERDEPOR

O CD Lugo é o primeiro equipo que consegue puntuar ante o líder da máxima categoría cadete. Os de Dani Galán puxeron fin á xeira triunfal dos herculinos facendo un gran encontro no que incluso estiveron preto da vitoria. O empate mantén aos albivermellos no podio da táboa clasificatoria con 3 puntos de vantaxe sobre o Val Miñor



1 2

## PROVINCIAL CADETE

### O Ribadeo pon terra polo medio á fronte da táboa

Os mariños asaltaron Montirón con dous goles de Nico e amplían a diferenza no máis alto da clasificación ata os sete puntos que defenderán na segunda volta. O conxunto que dirixe Rubén sumou por vitorias os seis encontros disputados na primeira volta

## SELECCIÓNS GALEGAS

**SEGUNDA FASE DO NACIONAL** Galicia Sub14 e Sub16 compiten a próxima fin de semana en Oira ante Extremadura e Ceuta con 5 representantes lucenses: David Páez, Manu Ferreiro, Villa, Jose, Moha e Alberto Freire

## LIGA NACIONAL XUVENIL

**UN GOL DE LEANDRO NO DESCONTO** deulle os tres puntos ao Lugo B ante o Deportivo B na Cheda. O primeiro equipo impúxose na Grela ao Ural e mantén os cinco de renda sobre os postos de descenso



| XUVENIL D. DE HONRA      |     |  |  |  |  |  |  |  |  |
|--------------------------|-----|--|--|--|--|--|--|--|--|
| RESULTADOS               |     |  |  |  |  |  |  |  |  |
| R. Oviedo - TSK Rocas    | 3-1 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| R. Ferrol - R. Avilés    | 3-0 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Ural CF - CD Lugo        | 2-3 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Conxo - Calasanz         | 3-1 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Bansander - Deportivo    | 0-2 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Val Miñor - Celta        | 1-1 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Sp. Gijón - R. Santander | 3-2 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| At. Perinés - Marina Sp. | 1-1 |  |  |  |  |  |  |  |  |

| CLASIFICACIONES  |     |    |    |   |    |    |    |  |  |
|------------------|-----|----|----|---|----|----|----|--|--|
| Equipo           | PTS | X  | G  | E | P  | GF | GC |  |  |
| RC CELTA DE VIGO | 64  | 24 | 20 | 4 | 0  | 72 | 18 |  |  |
| REAL SP GIJÓN    | 59  | 24 | 18 | 5 | 1  | 67 | 18 |  |  |
| RC DEPORTIVO     | 42  | 24 | 12 | 6 | 6  | 39 | 24 |  |  |
| R. SANTANDER     | 41  | 24 | 12 | 5 | 7  | 49 | 37 |  |  |
| CLUB BANSANDER   | 39  | 24 | 10 | 9 | 5  | 34 | 24 |  |  |
| REAL OVIEDO      | 37  | 24 | 11 | 4 | 9  | 39 | 37 |  |  |
| ED VAL MIÑOR     | 34  | 24 | 10 | 4 | 10 | 38 | 31 |  |  |
| CD CONXO         | 33  | 24 | 8  | 9 | 7  | 30 | 34 |  |  |
| URAL CF          | 30  | 24 | 8  | 6 | 10 | 31 | 37 |  |  |
| CD LUGO          | 29  | 24 | 8  | 5 | 11 | 33 | 37 |  |  |
| DEPORTIVO ROCAS  | 29  | 24 | 9  | 2 | 13 | 31 | 41 |  |  |
| AT. PERNES       | 29  | 24 | 8  | 5 | 11 | 21 | 39 |  |  |
| R. FERROL        | 24  | 24 | 6  | 6 | 12 | 24 | 36 |  |  |
| REAL AVILÉS      | 17  | 24 | 4  | 5 | 15 | 15 | 37 |  |  |
| CD CALASANZ      | 15  | 24 | 4  | 3 | 17 | 21 | 52 |  |  |
| MARINA SPORT     | 13  | 24 | 3  | 4 | 17 | 19 | 51 |  |  |

| PRÓXIMA XORNADA        |                        |  |  |  |  |  |  |  |  |
|------------------------|------------------------|--|--|--|--|--|--|--|--|
| Calasanz - At. Perinés | Deportivo - R. Oviedo  |  |  |  |  |  |  |  |  |
| R. Avilés - Conxo      | CD Lugo - Bansander    |  |  |  |  |  |  |  |  |
| RC Celta - R. Ferrol   | R. Santander - Ural CF |  |  |  |  |  |  |  |  |
| TSK Rocas - Val Miñor  | Marina Sp. - Sp. Gijón |  |  |  |  |  |  |  |  |

| XUVENIL LIGA NACIONAL   |     |  |  |  |  |  |  |  |  |
|-------------------------|-----|--|--|--|--|--|--|--|--|
| RESULTADOS              |     |  |  |  |  |  |  |  |  |
| R. Bouzas - EF Lalín    | 5-0 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Choco - RC Villalbés    | 4-0 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| O Val - Porriño         | 2-2 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| UD Ourense - CD Areosa  | 0-1 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Victoria - Alondras     | 0-1 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Pabellón - RC Celta B   | 1-0 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Pontevedra - Ourense CF | 0-1 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Valladras - Val Miñor B | 2-1 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| CD Lugo B - Deportivo B | 1-0 |  |  |  |  |  |  |  |  |

| CLASIFICACIONES |     |    |    |   |    |    |    |  |  |
|-----------------|-----|----|----|---|----|----|----|--|--|
| Equipo          | PTS | X  | G  | E | P  | GF | GC |  |  |
| R.C. CELTA "B"  | 61  | 23 | 20 | 1 | 2  | 79 | 16 |  |  |
| DEPORTIVO "B"   | 49  | 23 | 16 | 1 | 6  | 63 | 29 |  |  |
| PABELLÓN C.F.   | 48  | 23 | 14 | 6 | 3  | 44 | 25 |  |  |
| C.D. CHOCO      | 43  | 23 | 14 | 6 | 4  | 44 | 24 |  |  |
| C.D. AREOSA     | 41  | 23 | 11 | 8 | 4  | 47 | 32 |  |  |
| RAPIDO BOUZAS   | 39  | 23 | 11 | 6 | 6  | 39 | 31 |  |  |
| PONTEVEDRA C.F. | 37  | 23 | 11 | 4 | 8  | 46 | 41 |  |  |
| OURENSE C.F.    | 36  | 23 | 10 | 6 | 7  | 43 | 29 |  |  |
| C.D. LUGO "B"   | 35  | 23 | 11 | 2 | 10 | 33 | 39 |  |  |
| VICTORIA C.F.   | 32  | 23 | 9  | 5 | 9  | 40 | 35 |  |  |
| ALONDRA C.F.    | 30  | 23 | 9  | 3 | 11 | 30 | 37 |  |  |
| VALLADARES      | 25  | 23 | 7  | 4 | 12 | 32 | 48 |  |  |
| VAL MIÑOR "B"   | 23  | 23 | 6  | 5 | 12 | 28 | 45 |  |  |
| UD. OURENSE     | 20  | 23 | 6  | 2 | 15 | 29 | 50 |  |  |
| E.F. LALIN      | 18  | 23 | 5  | 3 | 15 | 22 | 53 |  |  |
| RC VILLALBES    | 17  | 23 | 3  | 8 | 12 | 29 | 50 |  |  |
| S.D. O VAL      | 16  | 23 | 4  | 4 | 15 | 24 | 58 |  |  |
| PORRIÑO C.F.    | 12  | 23 | 2  | 6 | 15 | 20 | 50 |  |  |

| PRÓXIMA XORNADA         |                          |  |  |  |  |  |  |  |  |
|-------------------------|--------------------------|--|--|--|--|--|--|--|--|
| RC Villalbés - EF Lalín | Ourense CF - Pabellón    |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Porriño - Choco         | Val Miñor B - Pontevedra |  |  |  |  |  |  |  |  |
| CD Areosa - V. Alondras | Deportivo B - Valladras  |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Alondras - UD Ourense   | CD Lugo B - R. Bouzas    |  |  |  |  |  |  |  |  |
| RC Celta B - Victoria   |                          |  |  |  |  |  |  |  |  |

| XUVENIL L. GALEGA NORTE     |       |  |  |  |  |  |  |  |  |
|-----------------------------|-------|--|--|--|--|--|--|--|--|
| RESULTADOS                  |       |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Boiro - Conxo B             | 2-1   |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Orillamar - Montañeros      | 1-3   |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Estrada - Dumbria           | 5-0   |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Victoria B - Ural B         | 1-3   |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Calasanz B - As Pontes      | 4-0   |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Viveiro CF - Residencia     | Susp. |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Bergantiños - R. Ferrol B   | 4-1   |  |  |  |  |  |  |  |  |
| RC Villalbés B - Compostela | 1-2   |  |  |  |  |  |  |  |  |
| San Tirso - G. Caranza      | 2-0   |  |  |  |  |  |  |  |  |

| CLASIFICACIONES   |     |    |    |   |    |    |    |  |  |
|-------------------|-----|----|----|---|----|----|----|--|--|
| Equipo            | PTS | X  | G  | E | P  | GF | GC |  |  |
| S.D. COMPOSTELA   | 50  | 23 | 15 | 5 | 3  | 51 | 25 |  |  |
| MONTAÑEROS C.F.   | 45  | 23 | 12 | 9 | 2  | 37 | 18 |  |  |
| CALASANZ "B"      | 43  | 23 | 14 | 1 | 8  | 47 | 40 |  |  |
| BERGANTIÑOS       | 42  | 23 | 12 | 6 | 5  | 46 | 21 |  |  |
| C.D. BOIRO        | 42  | 23 | 12 | 6 | 5  | 46 | 21 |  |  |
| URAL C.F. "B"     | 40  | 23 | 12 | 4 | 7  | 44 | 28 |  |  |
| R. FERROL "B"     | 39  | 23 | 12 | 3 | 8  | 42 | 35 |  |  |
| SAN TIRSO S.D.    | 36  | 23 | 11 | 3 | 9  | 52 | 37 |  |  |
| ESTRADA FB        | 33  | 23 | 8  | 9 | 6  | 34 | 26 |  |  |
| C.F. DUMBRIA      | 33  | 23 | 10 | 3 | 10 | 39 | 40 |  |  |
| C.D. CONXO "B"    | 31  | 23 | 8  | 7 | 8  | 47 | 39 |  |  |
| G. CARANZA        | 27  | 23 | 8  | 3 | 12 | 32 | 48 |  |  |
| RESIDENCIA "A"    | 22  | 22 | 7  | 6 | 9  | 23 | 28 |  |  |
| VIVEIRO C.F.      | 24  | 22 | 7  | 3 | 12 | 38 | 58 |  |  |
| C.D. AS PONTES    | 22  | 23 | 6  | 4 | 13 | 36 | 53 |  |  |
| ORILLAMAR S.D.    | 21  | 23 | 6  | 3 | 14 | 27 | 49 |  |  |
| VILLALBES "B"     | 16  | 23 | 4  | 4 | 15 | 24 | 51 |  |  |
| VICTORIA C.F. "B" | 7   | 23 | 2  | 1 | 20 | 25 | 67 |  |  |

| PRÓXIMA XORNADA         |                          |  |  |  |  |  |  |  |  |
|-------------------------|--------------------------|--|--|--|--|--|--|--|--|
| Montañeros - Conxo B    | R. Ferrol B - Viveiro CF |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Dumbria - Orillamar     | Compostela - Bergantiños |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Ural B - Estrada        | G. Caranza - Villalbés B |  |  |  |  |  |  |  |  |
| As Pontes - Victoria B  | San Tirso - Boiro        |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Residencia - Calasanz B |                          |  |  |  |  |  |  |  |  |

| CADETE DIVISION HONRA     |     |  |  |  |  |  |  |  |  |
|---------------------------|-----|--|--|--|--|--|--|--|--|
| RESULTADOS                |     |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Coruxo - Arosa SC         | 0-1 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Conxo - San Tirso         | 2-2 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Val Miñor - Pontevedra    | 1-1 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Victoria CF - Ural CF     | 1-1 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Bergantiños - Bertamirans | 1-0 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Pabellón - Calasanz       | 0-2 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| AJ Lerez - R. Ferrol      | 0-0 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| RC Celta - X. Oroso       | 8-0 |  |  |  |  |  |  |  |  |
| CD Lugo - Deportivo       | 1-1 |  |  |  |  |  |  |  |  |

| CLASIFICACIONES   |     |    |    |    |    |     |    |  |  |
|-------------------|-----|----|----|----|----|-----|----|--|--|
| Equipo            | PTS | X  | G  | E  | P  | GF  | GC |  |  |
| R.C. DEPORTIVO    | 67  | 23 | 22 | 1  | 0  | 95  | 9  |  |  |
| R.C. CELTA S.A.D. | 64  | 23 | 21 | 1  | 1  | 111 | 11 |  |  |
| C.D. LUGO         | 41  | 23 | 13 | 2  | 8  | 35  | 36 |  |  |
| E.D. VAL MIÑOR    | 38  | 23 | 11 | 5  | 7  | 36  | 32 |  |  |
| SAN TIRSO S.D.    | 38  | 23 | 11 | 5  | 7  | 38  | 36 |  |  |
| URAL CF.          | 36  | 23 | 10 | 6  | 7  | 33  | 27 |  |  |
| C.D. CALASANZ     | 33  | 23 | 9  | 6  | 7  | 32  | 30 |  |  |
| VICTORIA C.F.     | 31  | 23 | 8  | 7  | 8  | 33  | 44 |  |  |
| C.D. CONXO        | 31  | 23 | 7  | 10 | 6  | 30  | 38 |  |  |
| PONTEVEDRA C.F.   | 30  | 23 | 7  | 9  | 7  | 30  | 30 |  |  |
| PABELLÓN C.F.     | 29  | 23 | 8  | 5  | 10 | 27  | 32 |  |  |
| AROSA S.C.        | 29  | 23 | 8  | 5  | 10 | 31  | 42 |  |  |
| RACING FERROL     | 26  | 23 | 7  | 5  | 11 | 21  | 39 |  |  |
| CORUJO C.F.       | 23  | 23 | 6  | 5  | 12 | 31  | 33 |  |  |
| E.D. XIV. OROSO   | 19  | 23 | 4  | 7  | 12 | 28  | 42 |  |  |
| BERGANTIÑOS C.F.  | 17  | 23 | 2  | 9  | 12 | 20  | 46 |  |  |
| BERTAMIRANS C.F.  | 11  | 23 | 3  | 2  | 18 | 17  | 75 |  |  |
| A.J. LEREZ        | 7   | 22 | 1  | 4  | 17 | 10  | 59 |  |  |

| PRÓXIMA XORNADA          |                          |  |  |  |  |  |  |  |  |
|--------------------------|--------------------------|--|--|--|--|--|--|--|--|
| San Tirso (4-3) Arosa SC | R. Ferrol - Pabellón     |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Pontevedra - Conxo       | X. Oroso (1-0) AJ Lerez  |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Ural CF (0-1) Val Miñor  | Deportivo (3-2) RC Celta |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Bertamirans - Victoria   | CD Lugo - Coruxo         |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Calasanz - Bergantiños   |                          |  |  |  |  |  |  |  |  |

| CADETE L. GALEGA NORTE     |       |  |  |  |  |  |  |  |  |
|----------------------------|-------|--|--|--|--|--|--|--|--|
| RESULTADOS                 |       |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Boiro - Conxo B            | 2-1   |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Deportivo B - Montañeros   | 4-0   |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Estrada FB - R. Ferrol B   | 3-1   |  |  |  |  |  |  |  |  |
| CD Lugo B - Ural B         | 1-2   |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Calasanz B - Bergantiños B | 3-0   |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Viveiro CF - Milagrosa     | Susp. |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Dumbria - Imperator        | 1-2   |  |  |  |  |  |  |  |  |
| RC Villalbés - Compostela  | 1-3   |  |  |  |  |  |  |  |  |
| San Tirso B - G. Caranza   | 2-1   |  |  |  |  |  |  |  |  |

| CLASIFICACIONES  |     |    |    |   |    |    |    |
|------------------|-----|----|----|---|----|----|----|
| Equipo           | PTS | X  | G  | E | P  | GF | GC |
| DEPORTIVO "B"    | 58  | 23 | 18 | 4 | 1  | 79 | 21 |
| S.D. COMPOSTELA  | 52  | 23 | 16 | 4 | 3  | 46 | 19 |
| MONTAÑEROS C.F.  | 50  | 23 | 15 | 5 | 3  | 54 | 14 |
| E.F.M. BOIRO     | 50  | 23 | 15 | 5 | 3  | 56 | 18 |
| IMPERATOR O.A.R. | 42  | 23 | 13 | 3 | 7  | 32 | 31 |
| GALICIA CARANZA  | 36  | 23 | 11 | 3 | 9  | 43 | 32 |
| URAL C.F. "B"    | 35  | 23 | 10 | 5 | 8  | 49 | 30 |
| SAN TIRSO "B"    | 34  | 23 | 10 | 4 | 9  | 37 | 37 |
| C.D. LUGO "B"    | 32  | 23 | 9  | 5 | 9  | 40 | 32 |
| MILAGROSA        | 30  | 22 | 8  | 6 | 8  | 23 | 25 |
| C.D. CONXO "B"   | 25  | 23 | 7  | 4 | 12 | 34 | 40 |
| C.F. DUMBRIA     | 23  | 23 | 7  | 2 | 14 | 31 | 52 |
| CALASANZ "B"     | 21  | 23 | 5  | 6 | 12 | 29 | 45 |
| R. FERROL "B"    | 21  | 23 | 5  | 6 | 12 | 25 | 57 |
| RC VILLALBES     | 21  | 23 | 5  | 7 | 12 | 20 | 48 |
| BERGANTINOS "B"  | 18  | 23 | 4  | 6 | 13 | 29 | 48 |
| ESTRADA FB       | 15  | 23 | 3  | 6 | 14 | 25 | 55 |

# A ambición tivo recompensa

**O LUGO IMPÚXOSE NA GRELA AO URAL** nun encontro no que, tralo empate a dous dos herculinos, os lucenses foron a polo partido e tiveron o premio da vitoria. Suman 10 dos últimos 12 puntos en xogo

| URAL CF             | 2 3 | CD LUGO                                        |
|---------------------|-----|------------------------------------------------|
| Goles: Pose e Eiro. |     | Goles: Gabarre, Óscar e outro en propia porta. |
|                     |     |                                                |

Árbitro: Rodrigo García, Marco García e Martín García. Campo: A Grela 1, A Coruña

O Lugo segue aproveitando o vento de cola para navegar con rumbo fixo cara á permanencia na División de Honra xuvenil, competición na que os de Bruno Rodríguez son un dos equipos de moda ao sumar 10 dos últimos 12 puntos en xogo.

Os tres últimos na Coruña ante o sempre competitivo Ural, nun encontro no que a ambición por conseguir a vitoria e non asinar o empate no tramo final, tivo a súa recompensa.

Ata entón o Ural intentou presionar a saída de balón dun Lugo cómodo co 5-4-1, con Ernesto moi incisivo desde os primeiros minutos e sendo unha ameaza para os herculinos

ao longo de todo o partido.

O un a cero chegou pronto, ao filo do cuarto de hora inicial tras un saque de esquina lanzado por Gabarre que un xogador local introduciu na súa portaría ao intentar despexar.

A partir de aí o Ural tivo máis presenza en campo dun Lugo que, por momentos, tivo falta de contundencia e concedeu demasiados disparos desde a frontal da área, mentres que en ataque, Ernesto cun man a man no que o seu remate foise rozando o poste e Óscar, ao rematar un centro do propio Ernesto, estiveron preto do cero a dous antes de que empatase o Ural tras un despiste defensivo no que un xogador herculino

## 4

**PARTIDOS SEGUIDOS** leva marcando Gabarre, que asinou 5 goles nas últimas catro xornadas. Ademais, participou nos tres goles do CD Lugo na Grela ante o Ural.

rematou no segundo pau, practicamente só, unha falta lateral.

Xa na segunda parte o Ural xuntou liñas e replegouse, xerando dúbidas ao Lugo á hora de sacar o balón desde atrás. Os locais tiveron o dous a un tras un perda de balón e Gabarre fallou un penalti pouco despois tras unha gran acción individual de Xabi, que lle volveu dar desborde e chegada ao equipo.

O capitán albivermello, Gabarre, desquitouse do seu fallo desde os once metros co un a dous tras culminar un man a man co que ampliou a catro as xornadas consecutivas marcando nas que asinou 5 goles.

Con vinte minutos por diante o Lugo fíxose forte en defensa ata que chegou o empate do Ural, tras unha nova acción a balón parado.



Schuster conducindo o balón ante dous xogadores do Ural no partido de ida na Cheda

O Lugo revelou e Bruno Rodríguez mandou unha clara mensaxe de ir a polo partido, cambiando a liña de catro defensas e acumulando máis xente por diante de balón. O plan saíu á perfección e recompensou a ambición do

Lugo tras unha falta lateral executada por Gabarre na que Óscar anticipouse á defensa herculina cun remate de exterior no primeiro poste para asinar o dous a tres, nun partido no que o árbitro lle anulou o dous a catro a Martín no

tempo de desconto.

### Próxima xornada

O Lugo, con 29 puntos, 5 sobre os postos de descenso, rebíbe ao Bansaender, quinto clasificado con 38, na próxima xornada na Cheda.

## CADA LUNS TODA A INFORMACIÓN DO FÚTBOL BASE LUCENSE







Rodrigo a piques de controlar o balón ante a mirada de Rey



Victor despegando de puños un balón colgado á área



Manu presionando a saída de balón do Deportivo

# Premio ao esforzo colectivo

**TRAS RESISTIR EN PÉ O DOMINIO DO DEPORTIVO B,** Leandro desnivelou o marcador na Cheda cun gol no tempo engadido, dándolle ao Lugo B tres puntos coa palabra “equipo” en maiúsculas

| CD LUGO B    | 1 | 0 | RC DEPORTIVO B |
|--------------|---|---|----------------|
| Gol: Leandro |   |   |                |
|              |   |   |                |

Árbitro: David Pereira Ferreira, Alberto Blanco e Adrián Fernández. Campo: A Cheda

Un gol de Leandro no tempo de desconto deulle os tres puntos ao Lugo B ante todo un Deportivo B

na Cheda. Tres puntos que levan tatuados a palabra equipo, xa que os de Brais Prados apelaron á forza do grupo para impoñerse ao segundo clasificado nunha demostración de compromiso ao longo do encontro.

Coas ausencias dos lesionados Rosón e Chanza, sen Pérez por sanción e sen Castrín e Iago, citados de novo co primeiro equipo, Brais Prados suscitou unha defensa de tres centrais para suplir as ausencias e sorprender aos herculinos.

O Deportivo B, como era de esperar, monopolizou

## 35

**PUNTOS** para o Lugo B a falta de 11 xornadas. A tempada pasada o Valladolid salvouse con 35 puntos, mentres que os albi-vermellos fixeron 44, unha cifra doada de superar este curso polos de Brais Prados

por momentos a posesión do balón, sobre todo na primeira parte, pero sen chegar a xerar ocasións claras de perigo ante Víctor, porteiro cadete que mantivo o seu portaría a cero.

O Lugo B, pese a estar

replegado, gañaba en sensacións co cero a cero no marcador co paso dos minutos, animándose cada vez máis a saír á contra tras roubo de balón e dispoñendo dalgúnha ocasión na primeira parte como un disparo de Manu que se foi rozando o poste.

Tralo descanso o Lugo B mantivo o guiño da primeira parte ante un Deportivo B que tivo dúas ocasións claras a balón parado, tras senllos saques de esquina, pero que foi perdendo o control aos poucos á vez que o Lugo B tiña máis presenza en

campo rival.

Rodrigo amagou co un a cero cun man a man no que se luciu o porteiro local, e Mateo volveu chamar á porta do gol cun disparo desde a frontal da área que se foi fóra por pouco.

Cando todo parecía indicar que o encontro terminaría sen goles, a fe do Lugo B guioulles ata o último suspiro, cun saque de esquina no tempo de desconto no que, tras un remate de Juan Carlos, Leandro fíxose co rexeite enviando o balón ao fondo das mallas para darlle aos lucenses os tres puntos.

# O Roca segue gardando a chave da permanencia do Villalbés

**O LALÍN, CUARTO POLA COLA,** visita aos de Cholas a próxima xornada. O Choco mostrouse superior neste partido, no que asinou os catro goles na segunda metade



Anxo co balón controlado nun partido no Estadio Roca

| CD CHOCO                         | 4 | 0 | RC VILLALBÉS |
|----------------------------------|---|---|--------------|
| Goles: Carlos (2), Lucas e Doval |   |   |              |
|                                  |   |   |              |

Árbitro: Eduardo Rivera, Jorge Juan García e Borja Pérez. Campo: Santa Mariña, Redondela

O Choco quedouse cos tres puntos en Redondela ante o Rácing Villalbés. Os locais, dirixidos polo lucense Alberto Suárez, exhibiron potencial e demostraron que son un dos mellores equipos da competición e principais aspirantes ao ascenso á máxima catego-

ría do fútbol base nacional, a División de Honra.

Os de Cholas desprazáronse a Redondela con moitas ausencias, pero coa intención de competirlle a un rival directo sen esquecer que a permanencia pasa polo Roca, campo que visita a próxima xornada o

**“CUANDO EL RIVAL ES SUPERIOR SOLO QUEDA FELICITARLO Y SEGUIR TRABAJANDO. NOS QUEDAMOS CON EL BUEN TRABAJO QUE HICIMOS A NIVEL DEFENSIVO EN LA PRIMERA PARTE, QUE SEGURO QUE NOS VA A VENIR MUY BIEN DE CARA A LOS PRÓXIMOS ENCUENTROS”**

CHOLAS - Rácing Club Villalbés

Lalín nunha nova final para os chairegos.

O plan era claro, estar xuntos con dúas liñas de catro, con Anxo por diante da defensa e con Rares como punta de lanza para buscar algunha contra que coa que xerar perigo, pero a primeira premisa era

## 1

### PUNTO DE DISTANCIA

ten o Lalín sobre o Rácing Villalbés na clasificación polo que se os de Cholas suman os tres puntos na próxima xornada escalarán un posto na táboa metendo a tres equipos por debaixo

manter a portaría a cero ata a segunda parte, na que o Choco tería que arriscar cada vez máis co paso dos minutos.

O plan executouse á perfección na primeira metade, na que os locais tan só tiveron unha ocasión á saída dun córner. Tralo descanso, si o Villalbés mantiña a súa portaría a cero tería cada vez máis opcións de dar a sorpresa, pero nada máis empezar, aos dous minutos, chegou o un a cero co que o partido quedou case visto para sentenza xa que a partir de aí o Choco xogou con menos presión, fixo rápido o dous a cero e dominou con autoridade o encontro ante un Rácing Villalbés que empezou a pensar na final do próximo sábado ante o Choco en Lalín no Estadio Roca.

### OS MELLORES

#### RC VILLALBÉS

GABRI 2 2 2

RARES 2 2 2

ÁNGEL 2 2 2



Dani a piques de anticiparse a un xogador do Compostela

# O líder gañou coa lei do mínimo esforzo

**OS DOUS GOLES DO COMPOSTELA** chegaron tras senllas accións a balón parado sen aparente perigo. Gabri recortou distancias

| RC VILLALBÉS B                                                                                                                                                                            | 1 | 2 | SD COMPOSTELA                                          |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|---|--------------------------------------------------------|
| Got: Gabri                                                                                                                                                                                |   |   | Goles: Yoseban e Manuel                                |
| GOÁS Raúl<br>DANI<br>DENIS Miguel<br>BUJÁN<br>FRUTOS<br>LÓPEZ Diego<br>SANTI<br>NOEL<br>CABADO Nico<br>GABRI Gabi<br>GESTO<br>ALDREY<br>MANUEL<br>JAIME<br>DIEGO<br>CRISTIAN Anxo<br>MANU |   |   | OSCAR Sergio<br>YOSEBAN<br>ABEL<br>ÁLEX<br>LEO<br>MANU |

Árbitro: Adrián Fernández, Brais García e Manuel Rodríguez. Campo: Estadio Roca

O Compostela, líder en solitario da Liga Galega xuvenil, exhibiu pegada ao seu paso polo Roca, onde se levaron os tres puntos con máxima eficacia e coa lei do mínimo esforzo.

Certo é que os composteláns puxéronse o mono de traballo para igualar o listón de intensidade que impuxo o Villalbés B desde os primeiros minutos, nos que

lle perdeu o respecto por completo ao líder da competición.

Nada máis empezar, Cabado sorprendeu cun disparo seco tras internarse na área, pero cando o balón coábase por toda a escuadra, apareceu a luva do porteiro composteláns para evitar o un a cero.

Con máis loita que ocasións transcorreu o xogo ata

**"DEMASIADO PREMIO PARA ELES Y DEMASIADO CASTIGO PARA NÓS A PESAR DE QUE NON ESTIVIMOS DE TODO ACERTADOS"**

IVÁN LAMAS - Rácing Club Villalbés

que á media hora, tras unha falta no mediocampo que o Compostela colgou á área, o infortunio cebouse cos chairegos, xa que o rexeite de puños do meta Frutos rebotou nun xogador do Compostela e terminou co balón no fondo das mallas.

O cero a un xa estaba no marcador sen que o líder disparase entre os tres paus. O Villalbés B revelou e con tres saques de esquina practicamente consecutivos e cun remate de lago Gesto que se foi fóra por pouco, os de Iván Lamas mereceron como mínimo o empate antes do descanso.

Xa na segunda parte, nos primeiros minutos o Rácing

meteu ao Compostela no seu campo, pero cando máis preto parecía o empate a un, chegou o xerro de auga fría no Roca co cero a dous, de novo tras unha falta afastada colgada á área na que un xogador visitante desviou o balón lixeiramente asinando o cero a dous o Compostela practicamente sen tirar a portería.

O Villalbés B volveu soñar cos puntos tras rematar Gabri un centro de López, propiciando que o partido se rompesse nun tramo final no que aos chairegos faltoulles un pouco de calma para puntuar ante un líder que se levou un premio excesivo do Roca.



Goás encarando a un xogador compostelán pola banda



Denis disparando a portería dende fora da área no Roca

## Suspendidos os derbis da Liga Galega xuvenil e cadete polo vento

**O SENTIDO COMÚN IMPÚXOSE** e o Concello de Viveiro pechou as instalacións deportivas ao aire libre o pasado sábado pola alerta de temporal, con refachos de máis de 100 quilómetros hora

O sentido común impúxose nos dous derbis Provinciais previstos para esta xornada. O temporal que entrou pola Mariña lucense o sábado pola mañá incitou ao Concello de Viveiro a suspender as actividades deportivas ao aire libre, especialmente no Campo Municipal Marcos Gómez, que aínda arrastraba danos da última borrasca. As refachos de máis de 100 quilómetros por hora torceron as redes de seguridade nun dos fondos, co consiguiente risco para os deportistas, confirmando a boa decisión de suspender os encontros previstos.

A Axencia Estatal de Meteoroloxía informou o venres a última hora

da tarde dun fenómeno metereolóxico adverso por vento de nivel Laranxa, sinónimo de risco importante, polo que o Concello de Viveiro suspendeu calquera tipo de actividade ou evento ao aire libre e procedeu tamén ao peche do parque Pernas Peón.

O temporal evitou que se disputase un dos partidos máis esperados na Liga Galega xuvenil, o derbi entre o Viveiro e a Residencia, con máis de media permanencia na categoría en xogo.

Tres puntos separan a capitalinos e mariñaos na clasificación. Os da Cheda con 27 e os celestes con 24. Ademais, cando se xogue o encontro estará en xogo o golaverage particular entre ambos

conxuntos tralo cero a cero co que finalizou o encontro de ida.

Con Residencia e Viveiro practicamente marcando o corte dos descensos a falta dos arrastres que propicien a División de Honra e a Liga Nacional, os tres puntos do derbi valerán o seu peso en ouro para uns e outros.

### Derbi cadete

Para a mañá do domingo estaba previsto o encontro entre o Viveiro e a Milagrosa da Liga Galega cadete. Para evitar calquera tipo de risco antes de arranxar a rede de detrás das porterías, ambos equipos chegaron ao acordo de aprazar o partido.



O vento acaneando as mallas do Municipal Marcos Gómez o sábado pola mañá



# O Lugo puxo fin á xeira triunfal do Depor

**OS HERCULINOS, CON PLENO DE VITORIAS** nas 22 xornadas anteriores, incluso deron por bo o empate a un final na Cheda

| CD LUGO   | 1 1 | RC DEPORTIVO |
|-----------|-----|--------------|
| Go: Manel |     | Go: Martín   |
|           |     |              |

Árbitro: Pedro Castro. Xurxo Fernández e Fernando Fernández. Campo: A Cheda

O Deportivo presentouse na Cheda liderando a División de Honra cadete con pleno de vitorias nas 22 xornadas disputadas. 66 puntos de 66 posibles con 94 goles a favor e tan só 8 en contra.

Uns números increíbles e dignos dun súper equipo como é este Deportivo, practicamente unha selección dos mellores xogadores

en idade cadete. Con todo, en Lugo, ata deu por bo o empate.

Dani Galán executou un plan ao longo da semana que o seu equipo executou á perfección. Os oitenta minutos foron un desgaste físico e unha oda ao fútbol de formación.

Desde o inicio o Lugo fixo o máis complicado, perderlle o respecto ao líder. Os

## 66

### PUNTOS DE 66 POSIBLES

Con esta carta de presentación presentouse o Deportivo na Cheda tralo pleno de vitorias nas 22 xornadas disputadas anteriormente

lucenses xogaron en campo rival cunha efectiva presión alta coa que incomodaron aos herculinos e con chegadas coas que lles metían o medo no corpo, como un gol anulado a Luis por dubidoso fóra de xogo.

O Deportivo non se engurrou, como era de esperar, e por medio de Cristian xeraba perigo en ataque ata que á media hora chegou o cero a un cun certo remate de cabeza.

O Lugo fixo o máis complicado a partir de aí, xa que lonxe de baixar os brazos continuou firme, presionando ben e xerando perigo

con remates de Jorge e Xoel que non tiveron o premio do gol antes do descanso.

O Lugo seguiu crendo na segunda parte, na que foron mellores malia que o Deportivo tivo o cero a dous nun balón que sacou sobre a liña de gol Nodar.

O porteiro herculino lucíuse nun remate de Xoel que se ía á escuadra e á hora de xogo, unha internada de Jorge terminou en penalti. Manel asumiu a responsabilidade e asinou o empate co seu segundo gol da tempada.

Con vinte minutos por diante o Lugo sacou forzas de fraqueza, e lonxe de asinar o empate tivo a vitoria en contras nas que tan só faltou o último pase e un pouco de pausa para sumar os tres puntos nun golpe de autoridade do terceiro clasificado ante un dos mellores equipos do fútbol base galego.



Manel executando o penalti co que o Lugo asinou o 1-1



Gabri co balón ante dous xogadores do Deportivo



O ex deportivista Hugo García a piques de disparar

## CLASIFICACIÓN DOS MELLORES EN REGULARIDADE E GOLES

| Trofeo Jorge Tato<br>XUVENIL SUPERIORES |                |    | Regularidade<br>XUVENIL SUPERIORES |                |    | Pichichi<br>CADETE SUPERIORES |              |    | Regularidade<br>CADETE SUPERIORES |              |    | Pichichi<br>INFANTIL SUPERIORES |            |    | Regularidade<br>INFANTIL SUPERIORES |            |    |
|-----------------------------------------|----------------|----|------------------------------------|----------------|----|-------------------------------|--------------|----|-----------------------------------|--------------|----|---------------------------------|------------|----|-------------------------------------|------------|----|
| Xogador                                 | Equipo         | G. | Xogador                            | Equipo         | G. | Xogador                       | Equipo       | G. | Xogador                           | Equipo       | G. | Xogador                         | Equipo     | G. | Xogador                             | Equipo     | G. |
| GABARRE                                 | CD Lugo        | 11 | XOEL EIJÓ                          | Viveiro C.F.   | 26 | AYMAN                         | CD Lugo B    | 10 | LUCAS                             | Viveiro CF   | 31 | XOEL F.                         | SD Viveiro | 18 | ADRI                                | SD Viveiro | 20 |
| XOEL EIJÓ                               | Viveiro C.F.   | 10 | DIEGO                              | Viveiro C.F.   | 24 | LOMBA                         | CD Lugo      | 6  | MIGUEL                            | Milagrosa    | 21 | JOSE                            | CD Lugo    | 17 | JAVI B.                             | SD Viveiro | 12 |
| DAVID                                   | RC Villalbés   | 9  | GARCIA                             | Residencia     | 22 | BORJA                         | CD Lugo      | 6  | JUAN                              | Milagrosa    | 17 | ADRI                            | SD Viveiro | 14 | MATEO                               | SD Viveiro | 11 |
| DIEGO                                   | Viveiro C.F.   | 9  | SANTI                              | RC Villalbés B | 21 | RAFA                          | Milagrosa    | 6  | BRAIS                             | Milagrosa    | 17 | DIEGO                           | CD Lugo    | 11 | RAFA                                | SD Viveiro | 10 |
| SCHUSTER                                | CD Lugo        | 6  | LÓPEZ                              | RC Villalbés   | 20 | ANTÓN                         | CD Lugo B    | 5  | DIEGO                             | RC Villalbés | 16 | ANDRÉ                           | CD Lugo    | 10 | XOEL FERRO                          | SD Viveiro | 8  |
| ÓSCAR                                   | CD Lugo        | 6  | CONDE                              | Residencia     | 18 | PÉREZ                         | CD Lugo B    | 5  | CARLOS                            | RC Villalbés | 14 | DANI                            | CD Lugo    | 9  | SAMUEL                              | SD Viveiro | 8  |
| BRIAN                                   | CD Lugo B      | 6  | DAVID                              | RC Villalbés   | 16 | ROBER                         | CD Lugo B    | 5  | MARTÍN                            | RC Villalbés | 14 | SAMUEL                          | SD Viveiro | 4  | DAVID A.                            | SD Viveiro | 5  |
| LEANDRO                                 | CD Lugo B      | 6  | I. GESTO                           | RC Villalbés B | 15 | ADRIÁN                        | Viveiro CF   | 5  | ALBERTO                           | RC Villalbés | 13 | BRUNO                           | CD Lugo    | 2  | NAIM                                | SD Viveiro | 4  |
| GABRI                                   | RC Villalbés B | 6  | DANI                               | RC Villalbés B | 15 | FREIRE                        | CD Lugo      | 4  | RAFA                              | Milagrosa    | 12 | XAVI I.                         | CD Lugo    | 2  | XOEL P.                             | SD Viveiro | 4  |
| BUJÁN                                   | RC Villalbés B | 5  | ANXO                               | RC Villalbés   | 14 | HUGO                          | CD Lugo      | 4  | AMADO                             | RC Villalbés | 12 | ÁLEX                            | CD Lugo    | 2  | ÁLVARO                              | SD Viveiro | 4  |
| MANU                                    | CD Lugo B      | 4  | XAIRO                              | RC Villalbés   | 14 | XOEL I.                       | CD Lugo      | 4  | DAVID                             | Viveiro CF   | 12 | RAFA                            | SD Viveiro | 2  | JAVI ILLÁN                          | SD Viveiro | 4  |
| MIGUEL                                  | RC Villalbés B | 4  | GABRI                              | RC Villalbés   | 13 | MIGUEL                        | RC Villalbés | 4  | CARLOS                            | Viveiro CF   | 12 | DAVID DIAZ                      | SD Viveiro | 2  | JUAN LIZ                            | SD Viveiro | 4  |
| I. GESTO                                | RC Villalbés B | 4  | TRASI                              | Viveiro C.F.   | 13 | ALESITO                       | CD Lugo      | 3  | HUGO                              | Viveiro CF   | 11 | JAVI R.                         | SD Viveiro | 2  | ISRA                                | SD Viveiro | 3  |
| CONDE                                   | Residencia     | 4  | SPEEDY                             | RC Villalbés   | 12 | MANU                          | CD Lugo B    | 3  | ADRIÁN                            | Viveiro CF   | 11 | RAÚL V.                         | CD Lugo    | 1  | MATÍAS                              | SD Viveiro | 3  |
| FONSECA                                 | Residencia     | 4  | GABRI                              | RC Villalbés B | 12 | BUIDE                         | CD Lugo B    | 3  | HUGO                              | RC Villalbés | 10 | PEPE                            | CD Lugo    | 1  | DAVID M.                            | SD Viveiro | 2  |
| JORGE                                   | Viveiro C.F.   | 4  | RARES                              | RC Villalbés   | 11 | CABARCOS                      | Milagrosa    | 3  | CABARCOS                          | Milagrosa    | 9  | LUCAS                           | CD Lugo    | 1  | IAGO VIEIRA                         | SD Viveiro | 2  |
| MATEO                                   | CD Lugo B      | 3  | MIGUEL                             | RC Villalbés B | 11 | DIEGO                         | Milagrosa    | 3  | NOEL                              | RC Villalbés | 9  | VILLA                           | CD Lugo    | 1  | DAVID DIAZ                          | SD Viveiro | 1  |
| PÉREZ                                   | CD Lugo B      | 3  | CANCIO                             | Residencia     | 11 | JUAN                          | Milagrosa    | 3  | PABLO                             | Viveiro CF   | 9  | XAVI V.                         | CD Lugo    | 1  | ARZA                                | SD Viveiro | 1  |
| GABRI                                   | RC Villalbés   | 3  | LÓPEZ                              | RC Villalbés B | 10 | MARCO                         | Milagrosa    | 3  | VEIGA                             | Viveiro CF   | 9  | MANU                            | CD Lugo    | 1  | DANI M.                             | SD Viveiro | 1  |
| DANI                                    | Residencia     | 3  | NOEL                               | RC Villalbés B | 10 | CRISTIAN                      | RC Villalbés | 3  | BOIXET                            | Viveiro CF   | 9  | XOEL P.                         | SD Viveiro | 1  | -                                   | -          | -  |
| JUAN                                    | Viveiro C.F.   | 3  | DENIS                              | RC Villalbés B | 10 | NOEL                          | RC Villalbés | 3  | MARIO                             | Milagrosa    | 8  | -                               | -          | -  | -                                   | -          | -  |
| NOEL                                    | Viveiro C.F.   | 3  | LIS                                | Residencia     | 9  | LUIS                          | CD Lugo      | 2  | MIGUEL                            | RC Villalbés | 8  | -                               | -          | -  | -                                   | -          | -  |
| VILA                                    | CD Lugo        | 2  | DANI                               | Residencia     | 8  | GABRI                         | CD Lugo      | 2  | MARCO                             | Milagrosa    | 7  | -                               | -          | -  | -                                   | -          | -  |
| FIDALGO                                 | CD Lugo        | 2  | BUJÁN                              | RC Villalbés B | 7  | MANEL                         | CD Lugo      | 2  | HUGO                              | Milagrosa    | 6  | -                               | -          | -  | -                                   | -          | -  |
| SAMU                                    | CD Lugo B      | 2  | ADRI                               | Residencia     | 7  | BORJA                         | CD Lugo B    | 2  | NICO                              | Milagrosa    | 6  | -                               | -          | -  | -                                   | -          | -  |
| ROSÓN                                   | CD Lugo B      | 2  | IVÁN                               | Viveiro C.F.   | 7  | RAÚL                          | CD Lugo B    | 2  | ÁLEX G.                           | RC Villalbés | 6  | -                               | -          | -  | -                                   | -          | -  |
| J. CARLOS                               | CD Lugo B      | 2  | ÁLEX                               | RC Villalbés B | 6  | MIGUEL                        | Milagrosa    | 2  | JAVI                              | RC Villalbés | 6  | -                               | -          | -  | -                                   | -          | -  |
| SPEEDY                                  | RC Villalbés   | 2  | FONSECA                            | Residencia     | 6  | MARIO                         | Milagrosa    | 2  | SERGIO                            | Viveiro CF   | 6  | -                               | -          | -  | -                                   | -          | -  |
| NICO                                    | RC Villalbés   | 2  | D. IGLESIA                         | Residencia     | 6  | CARLOS                        | RC Villalbés | 2  | LEO                               | Milagrosa    | 4  | -                               | -          | -  | -                                   | -          | -  |
| MARTÍN                                  | RC Villalbés   | 2  | JUAN                               | Viveiro C.F.   | 6  | ANXO                          | RC Villalbés | 2  | MIGUEL                            | Milagrosa    | 4  | -                               | -          | -  | -                                   | -          | -  |



O mariño Rober foi o autor do gol dos albivermellos



Rubén trata de roubarlle o coiro a un xogador rival



Raúl e un xogador herculino loitando polo esférico

# Asedio final sen derruba

**DOUS GOLES A BALÓN PARADO EN APENAS TRES MINUTOS** condearon a un Lugo B que buscou os puntos ata o asubío final tras recortar distancias Rober cunha precisa vaselina

| CD LUGO B                                                  | 1                                        | 2                                                               | URAL B                                      |
|------------------------------------------------------------|------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|---------------------------------------------|
| Go: Rober                                                  |                                          |                                                                 | Goles: Marco e Samuel                       |
| BRAIS<br>BUIDE<br>PARGA<br>ANTÓN<br>SERGIO<br>AMIN<br>DANI | RÓBER<br>RUBÉN<br>PÉREZ<br>RAÚL<br>MARCO | JUAN<br>SAMUEL<br>MARCO<br>ÁLVARO<br>ADRIÁN<br>ÁLVARO<br>MANUEL | ACHORE<br>Eladio<br>DIEGO<br>JOSE<br>MIGUEL |

Árbitro: Álvaro Valín, Adrián López e Brais Del Olmo. Campo: As Gándaras

O Lugo B quedouse ás portas dos puntos nun partido moi disputado e

igualado na primeira parte, marcado polos dous goles do Ural B en apenas tres

minutos na segunda parte tras senllas accións a balón parado e polo asedio final dos lucenses en busca do empate tras recortar distancias Róber.

Como mínimo, no computo dos oitenta minutos, os de Antón Méndez mereceron puntuar ante un Ural B que se consolida como unha das revelacións da tempada ao manterse no sétimo posto da clasificación.

Na primeira parte apenas houbo incidencias nas áreas. Os dous equipos ben plantados no terreo de xogo apenas concederon

## 5

**GOLES DE ROBER** nos dez encontros que leva disputados esta tempada o mariño, tras perderse a primeira parte da tempada por lesión

ocasións nuns primeiros corenta minutos nos que o aire condicionou o xogo dos dous equipos.

Tralo descanso o Ural B asestou dous golpes ao encontro practicamente definitivos, ambos tras senllas accións a balón parado. Na primeira cunha

falta lateral que rematou un xogador herculino libre de marca no segundo pau, e sen marxe para a reacción, tan só tres minutos despois, chegou un golazo de falta directa na que o balón coou por toda a escuadra, lonxe do alcance de Parga.

Con tempo suficiente para buscar a remontada o Lugo B empezou a gañar metros con moitas chegadas por banda, especialmente por medio de Brais que se apropiou do carril esquerdo con chegadas ata a liña de fondo e centros á área.

O un a dous parecía cuestión de tempo e chegou a falta de dez minutos cun bonito remate de Róber, que bateu ao porteiro herculino cunha vaselina.

A partir de aí o Lugo B buscou o empate cun par de accións nas que o balón paseouse pola área rival e cun remate por encima do larguero no que tamén se resistiu o empate a dous.

### Próxima xornada

O Lugo B recibirá a un Bergantiños que está inmerso na loita pola permanencia na Liga Galega cadete.

# O Compostela exhibiu pegada nos metros finais no Roca

## 2

**GOLES NUN MINUTO** o Compostela decantou o encontro no ecuador da segunda parte con dous goles consecutivos cos que asaltou o segundo posto da competición

o poste, acariñaron o dous a cero.

Con todo, o Compostela demostrou que lle facía falta moi pouco para ver portaría e antes do descanso, no seu único disparo a porta, fixo o empate a un.

Tralo descanso, nos primeiros minutos, Martín e Carlos volveron dar sensación de perigo, pero cando máis igualado estaba o partido, o visitante Iker sacouse da chistera un pase ao espazo que aproveitou Hugo para facer o un a dous. Nada

máis sacar de centro o Villalbés perdeu o balón e de novo Hugo bateu a Diego sentenciando o encontro con dous goles nun visto e non visto.

De ahí ao final poucas incidencias salvo a expulsión de Miguel que se perde, como mínimo, o próximo encontro en Ferrol ante o Galicia de Caranza.



Martín regateando a un xogador co Compostela



Hugo foi o xogador máis destacado polo Rácing Villalbés

**MIGUEL ADIANTOU AO RÁcing**, pero dous goles nun minuto na segunda parte desnivelaron o partido

| RC VILLALBÉS                                                                                                              | 1                                                                                                                                 | 3 | SD COMPOSTELA            |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|--------------------------|
| Go: Miguel                                                                                                                |                                                                                                                                   |   | Goles: Sergio e Hugo (2) |
| ALBERTO<br>Toni<br>AMADO<br>Oscar<br>NOEL<br>CARLOS<br>DIEGO<br>CRISTIAN<br>MARTÍN<br>ALEX<br>HUGO<br>SERGIO DÍAZ<br>Anxo | CRISTIAN<br>JOEL<br>Rubén<br>SERGIO<br>XOEL<br>IKER<br>IVÁN<br>PABLO<br>ROÍ<br>Pedro<br>XAIME<br>Asier<br>HUGO<br>David<br>ADRIÁN |   |                          |

Árbitro: Yago Amil, Antón Lodeiro e Javier Botana. Campo: Estadio Roca, Vilalba

**“EN LA PRIMERA PARTE FUIMOS LOS DOMINADORES DEL ENCUENTRO Y NO SUPIMOS APROVECHARLO EN EL MARCADOR, EN LA SEGUNDA EL COMPOSTELA SÍ QUE LO HIZO”**

JANDRO NOVOA - R. Villalbés

pedir de boca no tramo inicial, xa que o Villalbés inaugurou o marcador cun gol de falta directa de Miguel aos dez minutos.

O Compostela, incómodo no terreo de xogo ao longo de toda a primeira parte, saíu con vida dos mellores minutos do Rácing nos que Martín, cun man a man, e Carlos, cun disparo que se foi rozando

Galega cadete.

Jadro Novoa intentou sorprenden aos composteláns cun cambio de sistema e fíxoo. O Rácing empezou con defensa de tres centrais e con Noel, Martín e Miguel moi enchufados e como donos do mediocampo.

O guiño de partido saíu a

### OS MELLORES

| RC VILLALBÉS |       |
|--------------|-------|
| HUGO         | 2 2 2 |
| MARTÍN       | 2 2   |
| MIGUEL       | 2     |



# O Viveiro, en media inglesa

**OS CELESTES FIXERON BOA ÚLTIMA VITORIA NA CASA** rabuñando un punto a domicilio en Narón. Catro dos últimos seis en xogo e con dinámica ascendente cara a permanencia

| NARÓN                 | 2 | 2 | SD VIVEIRO                |
|-----------------------|---|---|---------------------------|
| Goles: Axel e Sergio. |   |   | Goles: Xoel Ferro e Samu. |
|                       |   |   |                           |

Árbitro: Christian Pérez, Francisco García e Iago Bertalo. Campo: Río Seco, Narón

O Viveiro fixo mellores os tres puntos conseguidos na última xornada en casa ante o Bergantiños tras empatar en Narón nun encontro con alternativas no xogo e no marcador tralo cal o reparto de puntos semella o máis xusto ao término dos oitenta minutos de xogo.

O parón da próxima fin de semana polos compromisos da Selección Galega infantil corta a boa dinámica de xogo e resultados

dos celestes neste tramo de competición, no que están inmersos de cheo na loita pola permanencia.

A Narón os celestes viaxaron a polos tres puntos ante un equipo moi mellorado do que perdera no Marcos Gómez por cinco goles a un na primeira fase.

O conxunto local sorprendeu de inicio ao sacar o balón en curto e acumu-

**"AHORA ESTAMOS EN UN MOMENTO EN EL QUE EL EQUIPO PUEDE GANARLE A CUALQUIER RIVAL DE ESTE GRUPO, DEBEMOS MANTENER ESTA LÍNEA POSITIVA"**  
FIDI - Viveiro SD

lando moitos xogadores no mediocampo, pero sobre todo co un a cero tras un balón ao espazo co que os locais inauguraron o marcador moi pronto, aos catro minutos.

Lonxe de irse do partido, o Viveiro igualou forzas e froito diso chegou o empate tras un centro de Matías que rexeitou un defensa coa man. Xoel Ferro asumiu a responsabilidade desde os once metros e empatou o encontro.

Tralo descanso, de novo coa fórmula de adiantar a Mateo, o Viveiro volveu gañar metros como xa fixera ante o Bergantiños, e



Rafa conducindo o balón en medio campo nun encontro no Marcos Gómez

| OS MELLORES |
|-------------|
| VIVEIRO SD  |
| RAFA        |
| JUAN        |
| SAMU        |

aínda que faltou un pouco de paciencia na elaboración, Samu puxo por diante aos mariñosos cunha semi volea coa que subiu o un a dous ao marcador a falta de vinte minutos.

